



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2019/2020

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CMMAM02	Instalación e amoblamento	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0783	Empresa e iniciativa emprendedora	2019/2020	3	53	53

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA MÓNICA RODRÍGUEZ BEIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Decreto 175/2012, do 19 de xullo, establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en instalación e amoblamento para a comunidade autónoma galega dacordo ao marcado no Real decreto 880/2011, do 24 de xuño, polo que se establece o título de técnico en instalación e amoblamento, e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

A programación do módulo de EIE está desenvolvida segundo o fixado na devandita normativa. O currículo adapta a titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo en canto á especialización e polivalencia, e posibilita á inserción laboral e unha proxección profesional futura.

O perfil profesional deste título, dentro do sector terciario, evoluciona cara a un incremento na toma de decisións sobre o control de procesos de instalación en función do espazo real de instalación, así como na realización de funcións de planificación, mantemento, calidade e prevención de riscos laborais, coa incorporación de novos materiais e tecnoloxías nos procesos de instalación, así como as esixencias normativas en relación á calidade e o ambiente o que implica a adaptación aos novos sistemas de montaxe e instalación, en conxunción cos actuais sistemas ademais de estarse a producir cambios dos hábitos sociais e das modas, que implican á súa vez cambios nas dimensións e nas formas dos espazos de instalación e nos sistemas de instalación, reducindo os períodos de renovación.

Obsérvase a preferencia por un perfil polivalente cun alto grao de autonomía, e con capacidade para a toma de decisións, para o traballo en equipo e para a coordinación con persoal do sector e doutros sectores; desde este punto de vista o módulo de EIE proporciona o soporte de información e as destrezas necesarias para acadar as competencias do título, ademais contribúe a facilitar ferramentas, técnicas de comunicación e destrezas para un mellor traballo en equipo dentro da propia empresa e en relación con axentes do exterior e a un mellor coñecemento do funcionamento dos mercados e a organización e xestión interna dunha empresa

A competencia xeral deste título consiste en instalar elementos de carpintería e estruturas de madeira e mobles, realizando os procesos de mecanizado, montaxe, axuste e acabamento, cumprindo as especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

Neste sentido o módulo de EIE contribúe a acadar diversas competencias profesionais, persoais e sociais, en particular:

- Instalar estruturas de madeira e fixar os seus elementos de acordo coa documentación técnica.
- Seleccionar e xuntar materiais, accesorios e produtos de entrada e saída no almacén, de acordo coas especificacións establecidas.
- Realizar o mantemento de primeiro nivel de máquinas e equipamentos de montaxe e instalación, de acordo coa ficha de mantemento.
- Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos cos recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e coas tecnoloxías da comunicación e da información.
- Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no ámbito do traballo.
- Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e no contorno laboral e ambiental.
- Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.
- Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, e participar activamente na vida económica, social e cultural.



O desenvolvemento do currículo deste título capacita para poder exercer a súa actividade en pequenas e medianas empresas, nomeadamente privadas, dedicadas á montaxe e a instalación de carpintaría e amoblamento, e á aplicación de produtos de acabado para o retoque, nas que se tende a delegar funcións e responsabilidades no persoal con esta titulación, nunha gran variedade de postos relacionados co seu ámbito de actuación e competencia funcional, tanto por conta propia como por conta allea, contribuíndo o módulo de EIE a fomentar o espírito emprendedor, a entender o autoemprego como unha alternativa laboral viable e a proporcionar os coñecementos básicos para coñecer a aorganización interna dunha empresa e as ferramentas de xestión empresarial.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP0783_00			
					RA1	RA2	RA3	RA4
1	Empresa e iniciativa emprendedora. A idea do emprendedor	Preténdese que o alumnado ao final da unidade identifique e recoñeza as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora analizando os requirimentos derivados dos postos de traballo e das actividades empresariais. Aprenderá as características que adornan aos emprede-dores de hoxe en día e os diferentes cambios que sufriron as empresas de hoxe en día. Verá a importancia que ten a innovación co progreso da sociedade e o aumento do benestar dos individuos.	4	8	X	X		
2	A organización da empresa. A contorna empresarial	Preténdese que o alumnado comprenda o marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona a súa actividade profesional por conta propia, constituíndo unha empresa, analizando a influencia na actividade empresarial das relación cos clientes, cos provedores e coa competencia como principais integrantes da contorna específica e identificando os elementos da contorna dunha pyme do seu sector de actividade para a elaboración da análise DAFO. Ademais analizará o fenómeno da responsabilidade social corporativa e a súa importancia como elemento da estratexia empresarial.	6	11		X		
3	A análise do mercado e o plano de marketing	Preténdese que o alumnado identifique os distintos tipos demercado nos que pode operar, o proceso de segmentación do mercado e recoñecer a importancia do estudio de mercado e as súas fases; ademais de distinguir o marketing estratéxico do operativo e analice o proceso e as formas máis usuais no sector de promoción de vendas. Debe ser capaz de identificar e describir os medios máis habituais de promoción de vendas en función do tipo de produto e/ou servizo e novas tendencias do marketing	8	15		X		
4	Formas xurídicas da empresa e a súa constitución	Preténdese que o alumnado identifique as principais formas xurídicas que poden adoptar as empresas e as características diferenciais, así como os trámites que son precisos para a súa constitución e posta en marcha, ao obxecto de que poida elixir a modalidade xurídica que resulte máis adecuada á actividade que pretenda desenvolver.	6	11			X	
5	O plano de operacións	Preténdese que o alumno identifique os procesos de operacións existentes na empresa, analizando en detalle os planos de produción, aprovisionamento e recursos humanos así como os custos asociados a cada un deles, realizando unha análise dos mesmos.	8	15		X		
6	O plano de investimentos e financiamento	Preténdese que o alumno identifique o proceso de investimento-financiamento existente na empresa, analizando en detalle as principais fontes de financiamento propias e alleas e a importancia que presenta a súa elección en función da rendibilidade que espera obterse dos proxectos de investimento.	5	10			X	X
7	A análise contable e viabilidade económica e financeira	Preténdese que o alumnado identifique os distintos elementos que integran o patrimonio dunha empresa, a súa representación contable, e a súa interpretación a través de distintos cocientes financeiros. Identificará os custos salariais e obrigacións en materia laboral. Así mesmo, identificará para todo elo a importancia do plan de produción, a xestión do almacén e a análise de costes. Identificará a diversidade de gastos e ingresos nos que incorre a empresa no exercicio da súa actividade e que quedan reflectidos na conta de resultados, completando a análise financeira e económico que realice a través do estudo do limiar de rendibilidade	8	15				X
8	Os procesos administrativos da empresa e os seus documentos	Preténdese que o alumnado comprenda os documentos básicos utilizados na actividade económica normal da empresa e sexa capaz de elaborar e/ou cumprimentar os documentos habituais: presuposto, nota de pedido, albarán, factura, letra de cambio, cheque e recibo a partir de datos supostos.	4	8			X	X



U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP0783_00			
					RA1	RA2	RA3	RA4
9	A fiscalidade empresarial	Preténdese que o alumnado identifique os principais tributos que afectan á actividade empresarial, analizando a función de financiamento do gasto público que cumpren no marco da Economía en xeral, as súas características, elementos e tipos básicos que poden distinguirse, facendo especial fincapé nos impostos. Neste sentido, apreciará a diferenza existente entre os impostos directos e indirectos e identificará o réxime fiscal aplicable ao empresario individual e ao empresario social, a través da análise dos principais impostos que inciden na súa actividade.	4	7				X
Total:			53					



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Empresa e iniciativa emprendedora. A idea do emprendedor	4

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar a cultura emprendedora como fonte de creación de 1 2,0 emprego e benestar social 1.2 Analizar o concepto de empresario os seus requisitos, aptitudes e actitudes. 1.3 Valorar a importancia da iniciativa individual, a creatividade a formación e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.	1	O espírito emprendedor; empresa e empresario	2,0
2.1 Recoñecer a importancia da innovación 2.2 Elaborar un listado de posibles ideas de negocios 2.3 A presentación da idea de negocio e dos promotores nun plan de negocio	2	A innovación e a xeración de ideas de negocio	2,0
<b>TOTAL</b>			<b>4</b>

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.	● PE.1 - conceptos indicados	S	15
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.	● PE.2 - conceptos indicados	S	10
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na <u>actividade emprendedora</u> .	● TO.1 - Diario de clase	S	15
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da carpintería e o moble, e a súa instalación.	● PE.3 - conceptos indicados	S	10
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.	● TO.2 - Diario de clase	S	15
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.	● TO.3 - Diario de aula	N	10
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da instalación de carpintería e moble, que ha servir de punto de partida para a <u>elaboración do proxecto empresarial</u> .	● TO.4 - diario de aula	S	20
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.	● LC.1 - Apartados correspondentes do plan de empresa	S	2



Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.			
CA2.12.1 Coñécense os principais tipos de mercado, as súas características e os criterios para a súa segmentación. Así mesmo coñécense diversas estratexias de marketing operativo en canto a produto, prezo, promoción e distribución.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Epígrafes correspondentes do plan de empresa</li> </ul>	S	3
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de instalación e amoblamento (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
Cltura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector da carpintaría e o moble, e a súa instalación.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da instalación de carpintaría e moble.
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.

#### 4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O espírito emprendedor; empresa e empresario - Análise dos factores craves das persoas emprendedoras, reflexionando sobre a incidencia de cada un no éxito do proxecto	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación sobre os diferentes factores, características e importancia da persoa emprendedora. Contrastará co alumnado a reflexión que estes fan dos mesmos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Toma de notas Participación na valoración dos distintos factores</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Síntese do tema</li> <li>Reflexión sobre as actitudes e capacidades que necesita a persoa emprendedora: posibilidade de que varía o seu peso e composición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Libro de texto e / ou apuntes. Utilización dunha presentación con exemplos e cadros que aclaren e resuman o exposto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Epígrafes correspondentes do plan de empresa</li> <li>PE.2 - conceptos indicados</li> <li>PE.3 - conceptos indicados</li> <li>TO.1 - Diario de clase</li> <li>TO.2 - Diario de clase</li> </ul>	2,0





Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A innovación e a xeración de ideas de negocio - Identificación do concepto de innovación, dos seus tipos e da súa relación co progreso da sociedade e o aumento do benestar nos individuos. Realización dunha listaxe entre toda a clase de ideas de negocio que parezan interesantes	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realízase unha exposición sobre os diferentes tipos de innovación e a súa relación coa busca dunha idea de negocio. Guía a actividade de listado de ideas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Toma de notas. Partindo dos seus coñecementos e experiencia, irá enumerando as ideas de negocio que lle parezan interesantes que serán agrupadas na lousa para ser analizadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Reflexión sobre a necesidade da innovación empresarial como elemento básico do desenvolvemento da humanidade. Así mesmo, intentarase que se dean conta de que o espírito emprendedor está vinculado con actitudes e calidades persoais</li> <li>Realízase unha reflexión común sobre a posibilidade de constituir unha empresa a partir dunha idea de negocio</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Conexión a Internet. Terminais ou Proxector e pantalla ou encerado dixital</li> <li>Ficheiro de presentacións que conteña os conceptos a mostrar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Apartados correspondentes do plan de empresa</li> <li>LC.2 - Epígrafes correspondentes do plan de empresa</li> <li>PE.1 - conceptos indicados</li> <li>PE.3 - conceptos indicados</li> <li>TO.3 - Diario de aula</li> <li>TO.4 - diario de aula</li> </ul>	2,0
<b>TOTAL</b>						<b>4,0</b>



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A organización da empresa. A contorna empresarial	6

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

#### 4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o concepto de empresa. Coñecer a definición de empresa como sistema 1.2 Determinar a influencia dos factores externos que afectan ao funcionamento da empresa 1.3 Recoñecer a importancia da planificación 1.4 Determinar os obxectivos da actividade empresarial 1.5 Identificar os distintos elementos integrantes da empresa 1.6 Identificar os criterios de clasificación das empresas 1.7 Coñecer a contorna da empresa	1	Estudando a contorna da miña idea de negocio	3,0
2.1 Coñecer a responsabilidade social da empresa 2.2 Recoñecer as características da cultura empresarial, e da imaxe corporativa que pode proxectar a nosa empresa 2.3 Identificar as normas que afectan ao funcionamento da empresa	2	Analizando o meu D.A.F.O e Creando a miña identidade	3,0
<b>TOTAL</b>			<b>6</b>

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.	• TO.1 - Diario de clase	S	20
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.	• PE.1 - Test/cuestións breves sobre o impacto ambiental da actividade empresarial	N	5
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.	• PE.2 - Test/cuestións breves sobre Principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa	S	4
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.	• PE.3 - Test/cuestións breves: influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.	S	15



Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de instalación e amoblamento en función da súa posible localización.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Test/cuestións breves: contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de automoción en función da súa posible localización.</li> </ul>	S	15
CA2.6 Analízase o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - Test /cuestións breves: responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.</li> </ul>	S	4
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa instalación e o amoblamento, e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2 - Diario de aula</li> </ul>	S	20
CA2.8 Identificáronse, en empresas de instalación e amoblamento, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.6 - Test/cuestións breves: prácticas que incorporen valores éticos e sociais.</li> </ul>	N	4
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.7 - Test/cuestións breves: obxectivos empresariais que incorporen valores éticos e sociais.</li> </ul>	S	4
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.8 - Test/cuestións breves: cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas,</li> </ul>	S	4
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.			
CA2.12.2 Elaborouse a parte correspondente do plan de empresa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Epígrafes correspondentes do plano de empresa: localización e responsabilidade social</li> </ul>	S	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de instalación e amoblamento: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de instalación e amoblamento: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

#### 4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estudando a contorna da miña idea de negocio - Busca de información referida aos diferentes compoñentes da contorna xeral (aspectos ambientais, aspectos económicos, aspectos culturais e sociais, aspectos legais, aspectos tecnolóxicos, aspectos demográficos) e rexistrála nun documento para a súa análise)	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación resumo da empresa como sistema e dos diferentes compoñentes da contorna xeral</li> <li>Guía ao alumnado na busca da información e na elaboración dunha ficha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Busca (individual ou colectiva dependendo da existencia de terminais ou só un cañón) da información</li> <li>Cubre a ficha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Distingúense os diferentes compoñentes da Contorna xeral</li> <li>Ficha que se engade ao plan de negocio "Estudando a contorna xeral da miña idea de negocio"</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Conexión a Internet</li> <li>Terminais ou Proxector e pantalla ou encerado dixital</li> <li>Ficheiro de presentacións que conteña os conceptos a mostrar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Test/cuestións breves sobre o impacto ambiental da actividade empresarial</li> <li>PE.2 - Test/cuestións breves sobre Principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa</li> <li>PE.3 - Test/cuestións breves: influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.</li> <li>PE.4 - Test/cuestións breves: contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de automoción en función da súa posible localización.</li> <li>TO.1 - Diario de clase</li> </ul>	3,0
Analizando o meu D.A.F.O e Creando a miña identidade - Tras a análise da contorna xeral do negocio convén elaborar a matriz DAFO: debilidades (puntos débiles) e fortalezas (puntos fortes) do teu negocio, ameazas (obstáculos) e oportunidades que che proporciona a contorna xeral. Ficha: filosofía da túa empresa (misión valores visión) e Identidade visual (logotipo, cores, outros). Ficha: A responsabilidade social da miña empresa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación sobre O balance social, A cultura empresarial e A imaxe corporativa</li> <li>Guía ao alumnado para cubrir unha ficha DAFO</li> <li>Guía ao alumnado para cubrir unha ficha: Trata de dicir a quen poida ler o teu Plan de negocio: ¿o meu negocio e eu imos ser responsables incorporando na xestión da empresa diferentes accións en materia de RSE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Toma notas da presentación</li> <li>Elaboración das fichas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Síntese do tema</li> <li>Ficha co DAFO</li> <li>Ficha elaborada ca responsabilidade Social da empresa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Conexión a Internet</li> <li>Terminais ou Proxector e pantalla ou encerado dixital</li> <li>Ficheiro de presentacións que conteña os conceptos a mostrar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Epígrafes correspondentes do plano de empresa: localización e responsabilidade social</li> <li>PE.5 - Test /cuestións breves: responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.</li> <li>PE.6 - Test/cuestións breves: prácticas que incorporen valores éticos e sociais.</li> <li>PE.7 - Test/cuestións breves: obxectivos empresariais que incorporen valores éticos e sociais.</li> <li>PE.8 - Test/cuestións breves: cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas,</li> <li>TO.2 - Diario de aula</li> </ul>	3,0
<b>TOTAL</b>						<b>6,0</b>



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A análise do mercado e o plano de marketing	8

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

#### 4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a finalidade dos elementos básicos da comercialización 1.2 Utilizar técnicas de venda e negociación	1	Presentación powerp: mercado e mkt mix	4,0
2.1 Coñecer distintas canles de distribución 2.2 Identificar os distintos métodos para fixar os prezos	2	Ficha Estudio de Mercado e Plan de mercadotecnia	4,0
<b>TOTAL</b>			<b>8</b>

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.			
CA2.12.3 Elaborouse un plano de empresa que inclúa o plano de marketing	• LC.1 - Epígrafes do plano de empresa: plano de marketing	S	5
CA2.13 Descríronse os principais elementos do plano de marketing	• PE.1 - Test/cuestións breves: elementos do plano de marketing	S	95
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.  Descrición dos elementos e estratexias do plano de marketing

#### 4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Presentación powerp: mercado e mkt mix - Presentación dos conceptos fundamentais da unidade (dada a amplitude do tema, nalgúns casos utilizar presentación de modo que o contido poida ser transmitido dunha forma máis visual e amena)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explica os conceptos fundamentais: Conceptos e procesos relacionados co mercado e os distintos axentes intervinientes: (Provedores. Distribuidores. Competencia. Consumidores.) Dentro da Mercadotecnia mix analízanse as catro variables claves: (Produto. Prezo. Distribución. Comunicación.)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Toma de notas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Síntese da unidade Notas dos principais conceptos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Terminal do profesor</li> <li>• Proxector</li> <li>• Encerado</li> </ul>		4,0
Ficha Estudio de Mercado e Plan de mercadotecnia - 1. Diagnóstico da situación inicial: caracterización xeral do sector de actividade. Consumidores. Provedores e intermediarios. Competencia. A demanda. Conclusións: diagnóstico da situación inicial. 2. Estratexias de mercadotecnia mix: o produto. O prezo. Distribución. Comunicación. 3. Orzamento do plan de mercadotecnia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación dos conceptos fundamentais da unidade</li> <li>• Guía ao alumnado na elaboración da ficha.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elabora a ficha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ficha Estudio de Mercado e Plan de Mercadotecnia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proxector e pantalla ou encerado dixital</li> <li>• Ficheiro de presentacións que conteña os conceptos a mostrar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1 - Epígrafes do plano de empresa: plano de marketing</li> <li>• PE.1 - Test/cuestións breves: elementos do plano de marketing</li> </ul>	4,0
					<b>TOTAL</b>	<b>8,0</b>



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Formas xurídicas da empresa e a súa constitución	6

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

#### 4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os principais criterios que condicionan a elección da forma xurídica dunha empresa. 1.2 Identificar as características do empresario individual ou autónomo. 1.3 Determinar os principais tipos de sociedades mercantís existentes e as súas notas descritivas 1.4 Recoñecer as sociedades non mercantís existentes e as súas características 1.5 Identificar os aspectos que caracterizan o réxime xurídico das cooperativas	1	As diferentes formas xurídicas das empresas	3,0
2.1 Identificar os principais trámites que atravesará a constitución 2 4,0 e posta en marcha dunha empresa 2.2 Recoñecer as vantaxes que o portelo único empresarial supuxo para dinamizar a creación empresarial.	2	Trámites de constitución e posta en marcha dunha empresa	3,0
<b>TOTAL</b>			<b>6</b>

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresarial, así como os requisitos que cumpren para desenvolver a actividade empresarial.	● PE.1 - Test/Cuestións : Concepto de persoa empresarial, así como os requisitos que cumpren para desenvolver a actividade empresarial	S	20
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.	● PE.2 - Test/cuestións: Formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha	S	20
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da carpintería e o moble, e a súa instalación.	● TO.1 - Diario de aula	S	5
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.	● PE.3 - Test/cuestións curtas: grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida	S	20
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.	● PE.4 - Test/cuestións curtas: Tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa	N	5
CA3.6 Identifícanse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.	● PE.5 - Test/cuestións curtas: Trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica	S	20
CA3.7 Identifícanse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.	● PE.6 - Test/cuestións curtas: Vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa	N	5



Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.9 Inclúese no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.			
<b>CA3.9.2 Inclúese no plano de empresa información relativa a escolla da forma xurídica e os trámites administrativos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Epígrafe correspondente do plano de empresa:escolla da forma xurídica e os trámites administrativos</li> </ul>	S	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Formas xurídicas das empresas.</p> <p>Responsabilidade legal do empresariado.</p> <p>A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.</p> <p>Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.</p> <p>Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.</p> <p>Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.</p>

#### 4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
As diferentes formas xurídicas das empresas - Explicación das diferentes formas xurídicas das empresas, incidindo no tipo de responsabilidade dos propietarios. Determinación da forma xurídica do proxecto empresarial do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación sobre os tipos de empresas, enumerando as vantaxes e inconvenientes de cada forma xurídica e á s situacións a que dá resposta</li> <li>Guía a actividade de determinación da forma xurídica do proxecto empresarial do alumnado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Toma de notas</li> <li>Realización dun esquema no que figuran as distintas formas xurídicas e as súas características principais.</li> <li>En cada proxecto empresarial (individual o en sociedade) o alumnado terá que decidir a forma xurídica adoptada</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sinalanse as vantaxes e inconvenientes de cada forma xurídica</li> <li>Solucionanse supostos sinxelos de elección da forma xurídica mais axeitada.</li> <li>Xustificación da forma xurídica elixida, indicando ao resto da clase as vantaxes e inconvenientes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Conexión a Internet</li> <li>Proxector e pantalla ou encerado dixital.</li> <li>Ficheiro de presentacións que conteña os conceptos a mostrar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Test/Cuestións : Concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cumpren para desenvolver a actividade empresarial</li> <li>PE.2 - Test/cuestións: Formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha</li> <li>PE.3 - Test/cuestións curtas: grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida</li> <li>PE.4 - Test/cuestións curtas: Tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa</li> <li>TO.1 - Diario de aula</li> </ul>	3,0





Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Trámites de constitución e posta en marcha dunha empresa - Presentación dos trámites necesarios para dar de alta, baixa ou modificación dunha empresa en Facenda, na Seguridade Social, no Rexistro mercantil e no Concello. Procura, consulta e cumplimentación dalgún dos documentos necesarios para constituir e pór en marcha a empresa	<ul style="list-style-type: none"> <li>exposición do tema, incidindo na necesidade da existencia de devanditos trámites, nos regulamentos municipais ( actividades molestas, ruidos, e t c . ) e necesidade da súa existencia</li> <li>Guía a actividade, procura, consulta e cumplimentación dalgun dos documentos necesarios para pór en marcha a empresa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Toma de notas</li> <li>Traballo individual ou en pequenos grupos, navegando en Internet, buscando as páxinas que mellor presentan o material explicado nas 3 actividades anteriores. Complimentan os documentos seleccionados polo profesorado. (Por exp: Os alumnos e as alumnas sobre fotocopias dos documentos necesarios darán de alta á empresa en facenda, aos traballadores na SS e solicitan a licenza de apertura municipal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento dos trámites a seguir e entende a necesidade social do proceso</li> <li>Procura información sobre trámites; coñecemento das distintas instancias; practica cumplimentando algún dos documentos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Terminal por alumno (polo menos, cada dous).</li> <li>Conexión a Internet</li> <li>Proxector e pantalla ou encerado dixital</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Epígrafe correspondente do plano de empresa:escollo da forma xurídica e os trámites administrativos</li> <li>PE.5 - Test/cuestións curtas: Trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica</li> <li>PE.6 - Test/cuestións curtas: Vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa</li> </ul>	3,0
<b>TOTAL</b>						<b>6,0</b>



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O plano de operacións	8

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

#### 4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Elaborar os planos de produción e aprovisionamento	1	Elaboración dos planos de produción e aprovisionamento.	5,0
1.2 Realizar una análise dos custos dos recursos dos planos de produción e aprovisionamento			
2.1 Elaborar o plano de recursos humanos	2	Elaboración do plano de recursos humanos	3,0
2.2 Realizar unha análise dos custos dos recursos humanos			
TOTAL			8

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de instalación e amoblamento, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.	• PE.1 - Test/cuestións breves: actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de automoción	S	95
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.			
CA2.12.4 Elaborouse un plano de empresa que inclúa a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios	• LC.1 - Epígrafes do plano de empresa: organización do proceso produtivo e recursos necesarios	S	5
TOTAL			100

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.
Descrición dos elementos e estratexias do plano de produción

#### 4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elaboración dos planos de produción e aprovisionamento. - Preténdese que o alumno identifique os procesos de produción e aprovisionamento existentes na empresa, analizando en detalle os seus planos así como os custos asociados a cada un deles, realizando unha análise dos mesmos	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación oral sobre os contidos dos planes de produción e aprovisionamento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración dos epígrafes do plano de empresa dos planos de produción e aprovisionamento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>plano de produción e aprovisionamento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Terminais individuais (de ser necesario os alumnos terán que organizarse cos portátiles que o alumnado teña).</li> <li>Conexión a Internet</li> <li>Proxector e pantalla ou encerado dixital</li> <li>Cadro da sala de alumnos. Manuais. Apuntamentos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Epígrafes do plano de empresa: organización do proceso produtivo e recursos necesarios</li> <li>PE.1 - Test/cuestións breves: actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de automoción</li> </ul>	5,0
Elaboración do plano de recursos humanos - Preténdese que o alumno identifique o proceso de xestión de recursos humanos, analizando en detalle o seu plano, así como os custos asociados, realizando unha análise dos mesmos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación oral sobre os contidos do plano de recursos humanos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración do epígrafe do plano de recursos humanos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Plano de recursos humanos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Computador persoal con aplicacións de ofimática. Proxector. Cadro da sala de alumnos. Manuais e apuntamentos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Epígrafes do plano de empresa: organización do proceso produtivo e recursos necesarios</li> <li>PE.1 - Test/cuestións breves: actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de automoción</li> </ul>	3,0
<b>TOTAL</b>						<b>8,0</b>



#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O plano de investimentos e financiamento	5

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Elaborar o plano de investimentos	1	Elaboración dun plan de investimentos	2,0
1.2 Realizar unha análise dos custos asociados os investimentos			
2.1 Elaborar o plano de financiamento	2	Elaboración do plano de financiamento	3,0
<b>TOTAL</b>			<b>5</b>

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de instalación e amoblamento tendo en conta a súa localización.	• PE.1 - Axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas	S	95
CA3.9 Inclúese no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.			
<b>CA3.9.1 Inclúese no plano de empresa información relativa as axudas e subvencións</b>	• LC.1 - Epígrafes do plano de empresa: información relativa as axudas e subvencións	S	2
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.			
<b>CA4.5.1 Elaborouse o plano financeiro</b>	• LC.2 - Epígrafes do plano de empresa: plano financeiro	S	3
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de instalación e amoblamento.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da carpintería e o moble, e a súa instalación.

#### 4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
